

CDR ANCARES, UN XEITO DE FACER PROMOCIÓN

2. QUE NOS MOVE

MISIÓN

Contribuír ó Desenvolvemento **integral** (todas as persoas a todos os niveis) e **integrado** (co protagonismo inescusable da veciñanza e do territorio) de Cervantes.

VISIÓN

Apostamos por seguir, conxuntamente coa veciñanza, promocionando e xestionando accións e proxectos que vaian dando forma a unha vida mellor para todo Cervantes; mantendo sempre a tensión entre as aspiracións e preocupacións da zona e as políticas sociais e financeiras que rexan en cada momento

VALORES

Empatía e proximidade: participación nas actividades festivas, lutuosas, culturais, económicas, tradicionais e cotiás que van xerando cohesión e ánimo na zona.

A promoción das persoas e do territorio de Cervantes como eixo *vertebrador* de todo o traballo propio e das sinerxías por riba de liortas partidistas.

Aposta polos/as máis marxinados tanto da zona coma do mundo: En todos os proxectos aparecerán accións de inclusión e discriminación positiva.

Diálogo respectuoso coa intimidade, os pensamentos, as crenzas e formas de vida de cada veciño/a desde a coherencia coas nosas MVV.

O proceso educativo como ferramenta metodolóxica irrenunciable.

Coherencia, operatividade e intelixencia á hora de elaborar e xestionar os proxectos.